



O NADAL



XV

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



Consellería de Cultura e Xuventude

XV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina

AULA DE CULTURA



A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

DEBUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 749 - 1991

ARREDOR DO NADAL


De novo, arredor do Nadal, xuntámonos os de Begonte e os amigos que sempre nos acompañan: os premiados e participantes nos concursos, os colaboradores do Belén, as entidades patrocinadoras das nosas actividades, e os milleiros de persoas que cada ano visitan o Belén Electrónico e participan nas actividades que Begonte celebra para conmemoralo máis importante acontecemento da historia do home ou, o que é o mesmo, da historia do mundo.

De novo, gracias a todos. Porque de todos é a obra que estamos a facer; de todos é o esforzo; de todos é o mérito de canto aquí se consiga.

As portas desta casa estarán sempre abertas —e máis que nunca no Nadal— para tódolos que nos visiten buscando amizade, tentando contaxiarse da inocencia e da ledicia que o Belén nos ofrece.

Neste momento de abrir un novo Nadal e recoller importantes anacos —os traballos premiados en xornalismo e poesía— do anterior, teño que lembrar, no nome de cantos traballamos neste Belén, a MARÍA JOSÉ CRUZ VEIGA (Teté) que —víctima dun desgraciado accidente— nos deixou ó remate do mes de setembro. Era unha das máis importantes desta casa. E deixa en nós un gran valeiro e unha fonda lembranza. Descanse en paz.

Que —como ela fixo na súa curta existencia— saibamos manter viva, nos nosos corazóns, a forza do Nadal.



*Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte.*



POESÍA

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico— co patrocinio da Aula de Cultura da CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1990, ven de convoca-lo «XV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexer polas seguintes BASES:

1.—Poden participar tódolos poetas que o desexen, sexa cal fora o seu lugar de residencia, con textos en galego ou castelán.

2.—O tema dos traballos ha se-lo de *O NADAL*, desde calquera punto de vista.

3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e ó seu Belén.

4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.

5.—Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro do mil novecentos noventa e un.

7.—Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

BEGONTE (LUGO), novembro de 1990.

BASES

FALLO DO XURADO DO XV CERTAME
DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL"



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XV CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. LINO BRAXE MANDIA (escritor)

D. LOIS DIÉGUEZ VÁZQUEZ (escritor)

D. XABIER RODRÍGUEZ BARRIO (escritor)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (en representación da Aula de Cultura de Caixa Galicia)

D. XULIO XIZ RAMIL (Secretario, en representación do Centro Cultural de Begonte),

acordou emiti-lo seguinte fallo:

— PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, ó poema "TRILOXÍA DE NADAL", presentado co lema "Advento", por XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO.

— SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, a "BELEN", presentado co lema "Meixide", por HELENA VILLAR JANEIRO.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO
DO
XURADO

TRILOXÍA DO NADAL

Lema: “Advento”

I. ADVENTO

Cando as mestas noitebras diluían
os horizontes todos da esperanza,
chegaches Ti, ebanista da bonanza,
e apagáronse os deuses que mentían.

Ti non era-lo rei que eles querían,
nin a ansiada bandeira nin a lanza
que lles restituíse axiña a herdanza
da matria asoballada na que ardían.

Eras un neno pobre que naceras
dun tal Xosé e dunha tal María
na aldea de Belén, en Palestina;

E moi poucos souberon que viñeras
como o Fillo de Deus que vencería
a morte, a escravitude e a rutina.

II. O BERCE FOI DE PALLA E DE INVERNÍA

O berce foi de palla e de invernía:
unha mula e un boi, catro pastores,
os Reis Magos de Oriente con louvores
e unha cálida Virxe que sorría.

E daquel berce humilde sairía
esa pomba da paz e dos amores
que curaría as chagas e os tumores
dun mundo fondeado na agonía.

o berce foi de palla e de invernía,
e de persecución, e de contento,
e dunha cruz que pronto chegaría.

E daquel nobre berce a barlovento
agromarían trigos, brotaría
o camiño, a verdade e mailo alento.

III. ¡QUE TE ARROLE BEGONTE, QUE TE ARROLE!

Que te arrole Begonte co seu canto
saturado de hosanas e de honores
nese trono de fe e mais de amores
creado por un crego humilde e santo.

Que a Terra Cha se apee dese pranto
que prosegue toldando os seus albores
e che ofrezas as cadeas e as suores
que leva espaxadas no seu manto.

Que te abale Begonte, meu Amado,
e que o Parga e o Ladra eternamente
beban do manantial do teu encoro.

¡Que te arrole Begonte, malpocado,
con lúas, con pregarias, docemente,
nese belén anxélico e canoro!



HELENA VILLAR JANEIRO

Natural de Becerreá (Lugo), reside en Santiago de Compostela, onde exerce como profesora de E.X.B.

Ten publicados os libros "ALALÁS", "ROSALÍA NO ESPELLO", "O DÍA QUE CHOVEU DE NOITE", "VIAXE Á ILLA REDONDA", "VERMIÑO", "A CIDADE DE ALDARA", "PATAPAU", "ERO E O CAPITÁN CREONTE", "A CANCIÓN DO REI", "BAÚL DE BOLBORETAS"... e, xunto co seu home, o escritor Xesús Rábade Paredes, "SÍMBOLOS DE GALICIA", "O SANGUE NA PAISAXE", "MORRER EN VILAQUINTE", "NO ALO DE NÓS" e "O LIBRO DE MARÍA".

Ten acadados os premios "PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO", "MANUEL ANTONIO", "GALICIA" (de novela e poesía), "BARCO DE VAPOR", "VAL MIÑOR" (contos infantís), "BREGÁN" e "XOSÉ MARÍA CHAO LEDO".

Ten publicados, asimesmo, libros de carácter didáctico, e parte da súa obra infantil está traducida ás outras linguas do Estado.

sanal para le...
ousas da vida,
niversais, cheo de au...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
a.
arredor é tamén un
ropicio para que a
da a ledicia arte-
tiva medre e
mas
sua a
lúa, a
parpadexa...
ata o amencer dur...
no que se aviva a chi...
vida e do traballo cotián.
Nunha xuntanza armo...
os protagonistas do gre...
ecimento figuran
o plano: Os Rei...
arón do Neno Deus,
ria e S. Xosé, e
camellos re...
nde viaxe.
ñas, un
arm

PRENSA

XV CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán», de Begonte (Lugo), entidade promotora do *Belén Electrónico de Begonte*, co patrocinio da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XV CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» dacordo coas seguintes bases:

A.—Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.

B.—Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.— 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.— 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

C.—O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e un, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D.—A presentación ha de facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constá-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1990.

BASES

*FALLO DO XURADO DO XV CERTAME
XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"*



**FALLO
DO
XURADO**

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XV CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XOSÉ TRAPERO PARDO (Da Real Academia Galega)

D. ERNESTO SÁNCHEZ POMBO (Director adxunto de El Progreso)

D. RAFAEL VILASECA OTERO (Xornalista de La Voz de Galicia)

D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA (Secretario, en representación do Centro Cultural de Begonte)


acordou emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, ó traballo de "FUCO DE CAMBRIA" (FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ), publicado no xornal El Progreso de Lugo, o día 8 de decembro de 1990, co título "SAULO DE BEGONTE".

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos para o traballo de MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ, publicado no xornal El Progreso de Lugo, o día 23 de decembro de 1990, co título "ALOUMIÑOS DE NADAL, O BELÉN ELECTRÓNICO".

O SECRETARIO DO XURADO,

José Rodríguez Varela



“FUCO DE CAMBRIA”

FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, que adoita asina-los seus traballos co pseudónimo de “FUCO DE CAMBRIA”, naceu en Vilalba (Lugo) o ano 1930.

Exerceu como auxiliar administrativo, dependente de comercio, inspector de seguros, administrador de empresa e viaxante. Xubilado na actualidade, realiza pequenos traballos de ensaio que publica periodicamente en xornais galegos.

De formación autodidacta, tivo sempre unha adicación especial ó labor literario, que cultivou por fora do seu quefacer cotián.

Foi Premio de Xornalismo das IV XORNADAS GASTRONÓMICAS-TERRA DE SARRIA, o ano 1990.

Aquel home tiña unha gran paixón. Mellor dito, tiña dúas grandes paixóns. A súa vida parecía que se condensaba somentes en posuir coches e en viaxar. Pra il, vivir sin eses bens materiais, era o mesmo que non vivir.

Percorreu todo-los continentes, conducindo automóbiles de toda-las marcas, e viu países novos en lonxanas terras, coñecendo xentes que tiñan outros xeitos e maneiras de entende-lo vivir.

Cheo de vida e de diñeiro, disfrutaba dun corpo xoven repleto de saúde. Era un “Play Boy” moi coñecido e admirado nos eidos de “Jet Set”, no mundanal lambolino escaparate das apariencias. Bon mozo, ben parecido, era un ególatra namorado de si mesmo. Narcisista por convicción, coidaba que era rey dun miudo ou gran reino, que il dibuxaba á súa maneira na súa altiva imaxinación.

Ás veces, canso de tanta pamplina social na que se desenvolvía, fuxia a cabalo de calquera dos seus coches en busca de acadala compañía da soedade, pra mirar si atopaba descanso pro seu fatigado ánimo.

Canto istes fantasmas se lle chegaban moi preto, procuraba tornalos coa velocidade dos seus automóbeis ou cuns abondosos de “whisky”, pois dicía, que desa maneira acadaba novas forzas pra seguir pra diante, sin mirar pros lados da estrada da vida. O seu lema ben puidera ser: “¡Viaxar, beber e vivir!”

Un día que se atopaba nunha praia dun país do sur, quedouse mirando cara o ceu azul, infinito, sen mácula e de repente tomou unha decisión. Acadou as súas cousas, e sin pensalo subiuse a aquel vermello “Porche” que cal si fose

SAULO DE BEGONTE

moi agresivo guerreiro, debía de loitar a cotío coas leises físicas e humáns. Nunca estivera en Galicia e cara aló colleu...

Fixo noite en Lugo, xa que entre lusco e fusco pasou polo cumio de Pedrafita do Cebreiro, conducindo aquel vermello bólido, pola estrada nacional seis.

Era un mes do Nadal, dun ano moi lonxano. Moi de mañanciña botouse fora do hotel e dispúxose a percorrer a cidade das Murallas galegas, que non coñecía.

A Lugo, aquel día, envoltouno a Natureza cunha espesa brétema, por mor do frío que facía, e por querer tapalo tanto, non deixou siquera que se vira máis aló do paso que se daba. Aquel home, que viña dos países donde reina a luminosidade, o sol e o calor, xa non tivo nin tempo a pensar o que debía de facer ante semellante perspectiva climatolóxica e subíndose o "Porche", púxolle o morro cara a Coruña, pisou o acelerador e saiu como si fora un raio.

Poucos quilómetros levaba percorridos cando viu tres grandes letreiros, tres pancartas que, unha tras outra, atravesaban a estrada de lado a lado. Mouras e grandes letras, feitas sobor dun lenzo branco, ianlle dicindo ó viaxeiro a mensaxe: "Begonte: Stop. Nadal: Stop. Belén: Stop".

Chamoulle a atención semellante historia. Sintiu que lle picaba aló dentro o formiguillo da curiosidade e púxolle: Alí mesmo, frenou a velocidade, saíu do coche dando un pulo, encurrupeouse riba da acera da vila e mirou pra un lado o pro outro por si vía alguén.

Camiñando tranquilamente por ali, viña un home que levaba un paquetiño na man, e o

mozo, sin pensalo moito nin pouco, colleu cara ó señor aquel, co ánimo de preguntarlle o significado da palabra "Nadal", que con letras moi grandes estaba posta por riba da estrada, aló no alto, no medio das outras dúas pancartas...

¿Quén será o que sabe cales son os vieiros por onde camiña a Divina Providencia? O home que viña pola acera, cun paquetiño na man, era, nin máis nin menos a persoa que mellor podía explicarlle o significado de todo aquilo que o Nadal envolve e que no Nadal se celebra. Era alguén que levaba o Nadal e o Belén dentro do seu corazón.

A conversa que ambolos dous tiveron aquel día, naide chegou a sabela. Quedou pra sempre enterrada no segredo. O que sí se soupo foi o que contou, certo día, o home desta historia. Iste rico varón, xoven e viaxeiro, dixo que o día que estaba contemplando o Belén Electrónico de Begonte e escoitaba as explicacións que lle daba aquela persoa única e incomparable, sintiu aló dentro do seu peito, algo así como si se derrumbase de súpeto toda a estrutura que il viñera construíndo coas súas vivencias, ó longo dos anos, e que disfrutara polo mundo enteiro. Era consciente, pois algo llo dicía, que dentro de sí comenzaba unha xigantesca transformación espiritual e que un gran cataclismo estaba destruindo o que fora, ata aquel día, a súa maneira de vivir. Sintíu como, a pesar de toda a ruina que se vía vir, a súa alma brincaba chea de ledicia. Unha luceciña brilaba cun maravilloso resplandor e alumaba a Verdade para que puidera contemplala a súa pobreza espiritual. Namentras, unha voz agarimosa decíalle docemente: "¿Por qué me tes tan esquencido?"

A Saulo de Tarsia, un resplendor moi vivo tirouno do cabalo, cando ia pra Damasco, mentres a voz de Deus preguntáballe por qué o perseguía.

Begonte, fixo que no medio do pobo parasen os cabalos que movian un coche, pra que unha alma puidese atoparse a si mesma.

Lembrándose do Santo Apóstolo e daquel pobo da Chaira luguesa, un frade pasea polo claustro dun convento, estudiando, rezando e facendo penitencia. Sobor da súa vocación, so- mentes Deus e il saben a verdade.

O milagre, ese cambio radical que houbo na vida dun home, foi predisposto pola visita que fixo a ese Belén Electrónico co que o pobo de Begonte, lembra ano tras ano, o nacemento do Fillo de Deus.

Este frade, novo, forte, sano, bondadoso e pobre, é coñecido no cenobio, e fóra dil, polo doce nome de Saulo de Begonte.



MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ

Naceu en Monterroso, en 1963. É profesora de E.X.B. no colexio público número 2 de Melide (A Coruña).

Ten acadados numerosos premios de xornalismo, entreles varios nos certames convocados polo centro cultural "José Domínguez Guizán", de Begonte.

É colaboradora de varios xornais e revistas galegas.

Foi fundadora e presidenta da Asociación cultural e artística "Falcatrueiros", de Monterroso.

ALOUMIÑOS DE NADAL, O BELÉN ELECTRÓNICO

Unha tradición moi espallada nestas datas é a de artellar na casa, nos fogares ou colexios o nacemento feito con figuriñas de barro ou de plástico, engadindo imaxinación e creatividade.

Cando o home sente íntima ledicia, está de festa, é feliz, sente desexos de compartir, de vivir, de crear.

É entón cando se producen anceios de diversión surxindo nun intre a capacidade creativa acadando momentos lúcidos.

O Nadal é unha época esperanzadora, chea de festas, de paz propiciando o afán de comunicación e espallamento da nova: o nacemento do Noso Señor.

Unha data gardadora de antigas esencias típicas e relixiosas nos pobos de Galicia.

Así nunha fermosa e pequena vila da Terra-chá asoma unha belida estampa de nadal.

Begonte, está de festa e abre as súas portas de par en par, un ano máis, convidando a todos os que queiran visitar o seu renovado Belén Electrónico, da man da variedade de figuras e mil detalles para esperta-la curiosidade de vellos e nenos, de todo aquel que sinta verdadeira ledicia, dun xeito sinxelo e máxico.

Situado no local da “Sociedade cultural Xosé Domínguez Guizán”, a cento cincuenta metros da estrada nacional VI Madrid-A Coruña, permanecerá aberto ó público ata o día 26 de xaneiro.

Acompañado doutras actividades culturais e actuacións, exposicións e certames amenizarán durante o presente mes e parte do vindeiro a visita ó mesmo.

Sen dúbida serán moitos os visitantes, numerosas excursións de colexios, e de distintos pun-

puntos da xeografía galega as que se achegarán con fe e agarimo.

Onte e hoxe a semente é o froito deste arte belenístico sin igual que posúe uns entronques que han de atoparse no sentir dos begontinos.

O eixe e promotor do belén electrónico Xesús Domínguez Guizán, leva a batuta co mesmo espírito emprendedor que tiña o seu irmán e fundador do mesmo D. Xosé, quen xunto cos seus colaboradores veu conservando e mellorando o conxunto, e ogallá sigan alumiñando as faíscas do belenismo.

Os veciños deste entrañable recuncho de Galicia asumen ese legado cultural e artístico donado dos seus devanceiros con emoción e humildanza.

Con emoción porque a arte sempre ten un rico contido emocional. Somentes o sentimento move a pantasía, somentes o sentimento desbordea e asulaga o corazón, enxendra e xermola en obras artísticas perdurables e inmortais.

Unha creación orixinal e acolledora para esquecer por un momento os problemas e cousas da vida cotiá para evaporarse nun mundo máxico e enxebre, un plantel ideal no que se condensan e combinan o espírito galego e mailo espírito relixioso, sen esquecer as costumes e oficios típicos da nosa ancestral cultura.

Nun escenario fabuloso formado por trinta e oito figuras albisca un intre fantástico de ensoñación e ternura.

Cunha duración de doce a quince minutos a representación trasládanos nun intre ó país das maravillas, ollando as páxinas bíblicas e mailas páxinas da nosa historia, lembrando as tarefas

do agro, os oficios máis representativos da nosa terra, o cesteiro, dous afiadores na súa moa, o ferreiro na forxa, o alfareiro de Bonxe, o carpinteiro no seu alpendre, a casa do labrego coa aira, as tecedeiras, un home picando na leña, a cantina na que un home xanta un bocado, a mantanza do porco, as lavandeiras no río Ladra, fielmente deseñado cos dous troiteiros, unha vella fiando na roca.

A arquitectura rústica típica da nosa terra xoga un papel importante no armonioso conxunto. As casas de pedra co corredor no que está a roupa colgada, o borbotar na fontíña de pedra cos parrulos chapoteando, o muiño, unha incorporación recente onde antigamente se xuntaban mozos e vellos cando ían moer millo, trigo, sen dúbida o baúl das mellores cantigas e refráns da nosa literatura.

Un pequeno homenaxe ós canteiros vislumbra nestas pezas así como nas típicas casas de balastradas e o hórreo.

No eido xenuino da relixiosidade represéntanse esceas da Santa Biblia, o trío universal formado por S. Xosé, a Nai Virxe e o Neno Deus espido e bonito nas pallas, ó seu carón a mula e o boi, o castelo de Herodes cos seus centinelas, os pastores e o pobo representativo de Xudea onde naceu o Salvador, e por suposto os Reises Magos nos seus camellos.

Comenza a función co movemento das figurinas, os traballos dos personaxes cada un co seu oficio e laboura, é día. Unha viva imaxe dunha aldea na nosa terra ca mistura do Belén de Xudea enmarcada en paraxes incomparables dunha orixinalidade engaiolante, paisaxes de beleza

sin par, cun colorido alucinante combinado con efectos atmosféricos e sonoros.

Pouco a pouco vai anoitecendo e chega a noite misteriosa; cos contrastes luminosos a cada momentos de paz e tranquilidade nos fogares, cesa a actividade diurna, acéndese a luz nas casas, o clima escomeza a cambiar e fortes bruidos dos tronos e relámpagos no hourizonte, o vento susurra con encanto.

Axiña neva docemente no cumio das montañas, a brancura colorea a paisaxe.


Sae a lúa crara e as estreliñas bailan ó son do luceiro, resoan as panxoliñas e os camellos camiñan cara ó portal con gracia guiados pola parpadexante estrela.

Alborea o día engaiolando cunha espampante frescura as miradas de visitantes e curiosos.

O dulce ambiente de nadal latexa nas panxoliñas de sonoridade sorprendente.

A vida na aldea volta á normalidade, colle pulo, para finalizar paseniñamente a viaxe por un mundo cheo de ritmo, expresividade e ledicia imaxinativa.

Remato pois o meu relato convidando a tódolos galegos da miña terra para que se desplacen a esta localidade de gratas lembranzas para quen a visita e aprecia.



XUNTA
DE GALICIA 

DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1990 - XANEIRO 1991